



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Exposición pública padrón fiscal da taxa de recollida de lixo do exercicio 2025

EDICTO

Exposición pública do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2025

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o *padrón fiscal anual da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* correspondente ao exercicio 2025, en virtude do acordo 4.1 adoptado na sesión celebrada o día 15/04/2025; expónse ao público nas oficinas xerais do Concello durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do presente edicto, que ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante o citado prazo, os interesados poderán solicitar, en horario de atención ao público, información sobre as liquidacións recollidas no padrón fiscal e presentar contra os actos que se notifican as reclamacións ou observacións que estimen oportunas. Para estes efectos, e en caso necesario, tamén poderán contactar coa administración tributaria municipal chamando aos teléfonos 981814612 e 881074414, e realizar os trámites pertinentes a través da Sede electrónica do Concello.

Das bases do réxime local, contra as liquidacións contidas no padrón fiscal os suxeitos pasivos e as demais persoas lexitimadas poderán formular, perante a Alcaldía e dentro do prazo dun mes -contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública- o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O presente Padrón fiscal entenderase aprobado definitivamente sí, no prazo de exposición ó público, non se presentase reclamación algunha.

Vedra, 22 de abril de 2025.

O Alcalde,

Carlos Martínez Carrillo.

2025/2499